



BOSCH SERVICE SOLUTIONS

Eduardo Rodríguez Rolle
DIRECTOR XERAL ESPAÑA

“O APOIO DO IGAPE NAQUEL MOMENTO, CANDO EMPEZAMOS, FOI MOI SIGNIFICATIVO”

Bosch Service Solutions é unha das divisións do grupo Bosh, na que ofrecemos servizos profesionais que van desde atención ao cliente e xestión de usuario final a retención de cliente, soporte técnico, etc., todo con elevados estándares de calidade e cun bo nivel de servizo. Cando iniciamos a nosa andaina en Vigo hai xa 16 anos, eramos só 15 persoas e agora podemos falar de máis de 2.000. Naquel momento o Igape foi un apoio moi importante cunha primeira axuda que permitiu investir en tecnoloxía e realizar melloras nos nosos centros e, ademais, ofreceunos asesoramento. Foi un soporte moi significativo naquela etapa.

Os retos máis inminentes no noso sector e na nosa empresa son as novas tecnoloxías, a dixitalización, a automatización... Son retos moi importantes nos que xa estamos traballando de forma bastante intensa co obxectivo de gañar en competitividade, calidade e eficiencia, a través das novas tecnoloxías, moi enfocadas cara a automatización de procesos. >>




VALORA

Senén Ferreiro
SOCIO E CEO

VALORA é unha firma de servizos profesionais de consultoría e enxeñería, que apoia o crecemento e expansión empresarial ante os novos retos xerados polas demandas en materias como o bo goberno, a sustentabilidade, a diversidade, a dixitalización e o e-commerce. A nosa proposta de valor permitiunos desenvolver proxectos para compañías líderes nos seus sectores como Coca Cola, Inditex, Santander, Wal Mart, Banorte, General Motors, América Móvil, Puig, Mahou ou Pascual, entre outras.

No noso crecemento o apoio de Igape foi clave, pois nos permitiunos centrarnos no noso desenvolvemento de negocio con clientes relevantes e non distraernos con cuestións operativas na expansión internacional.

Na actualidade, contamos con máis de 100 profesionais operando en Europa, América e África, desde as nosas oficinas de Madrid e A Coruña e desde as nosas filiais en México, Reino Unido, Holanda, Francia e Turquía. >>



Iria Buxán Raposo
BOLSEIRA DE COMERCIO EXTERIOR
WASHINGTON, D.C. USA (2016-2017)

A miña experiencia foi fantástica. Contei co apoio dos compañeiros e da Xerencia do Igape para desenvolver con autonomía proxectos para apoiar o tecido empresarial galego, como servizos de asesoramento en licitacións internacionais: identificación de oportunidades e preparación de ofertas, ademais de para dar continuidade ao proxecto europeo (Enterprise Europe Network - EEN). Actualmente traballo como consultora para unha empresa galega especializada en catastro, Gabinete Cartotec, e para o Banco Mundial, en proxectos para a avaliación de ambiente de negocios, desde a perspectiva dunha peme. >>